



**Asunto.- *Proxecto de Orde .... de .... de 2021 pola que se establecen os criterios técnico-deportivos en desenvolvemento do Decreto 165/2020, de 17 de setembro, polo que se regula o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base de Galicia***

---

Conforme a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, entre as competencias da Administración autonómica atópanse a de «regular e fomentar o deporte e os e as deportistas de alto nivel de Galicia e as categorías de deportistas, así como os requisitos para seren incluídos/as nestas e os seus beneficios», e «establecer e, de ser o caso, recoñecer os centros de alto nivel deportivo da Comunidade Autónoma. (...)»: artigo 5.1, letras m) e q).

No tocante ás persoas deportistas, e de acordo co artigo 34 da mesma norma, «Terán a consideración de deportistas galegos de alto nivel, ou doutras categorías que se poidan establecer, aqueles/as deportistas que reúnan os requisitos establecidos regulamentariamente e sexan recoñecidos como tales pola Administración autonómica en función dos seus resultados, proxección, nivel deportivo, expectativas de progreso e interese para o deporte galego». Así mesmo, e de acordo co disposto no artigo 32.2 da Lei, «Atendendo a criterios de rendemento e mérito deportivo, os deportistas poderán ser de alto nivel ou doutras categorías que poidan establecerse regulamentariamente».

En desenvolvemento destas previsións legais, aprobouse o Decreto 165/2020, de 17 de setembro, polo que se regula o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base de Galicia (DOG de 29 de setembro) que derogou o Decreto 6/2004, do 8 de xaneiro, polo que se regula a cualificación dos deportistas galegos de alto nivel e os programas de beneficios dirixidos a estes (DOG de 19 de xaneiro).

Os artigos 5, 33 e 40 do Decreto 165/2020, de 17 de setembro, regulan os requisitos que se esixen para a obtención das condicións de, respectivamente, alto nivel e alto rendemento deportivo, rendemento deportivo de base, e núcleo de adestramento deportivo especializado.

Para o caso das persoas solicitantes das condicións de alto nivel e alto rendemento deportivo, o artigo 5.1 da norma esixe, con carácter xeral, que o interesado nacesse en Galicia ou teña a veciñanza administrativa nun municipio galego ininterrompidamente desde, polo menos, un ano antes á obtención dos méritos deportivos en que se fundamente a solicitude; ter 16 anos feitos na data de presentación da solicitude; ser titular dunha licenza deportiva en vigor expedida por unha federación deportiva galega; non estar cumprindo sanción disciplinaria deportiva firme na vía administrativa pola



comisión dunha infracción de carácter grave ou moi grave, sanción administrativa firme en materia administrativa-deportiva pola comisión dunha infracción de carácter grave ou moi grave, nin sanción administrativa firme na vía administrativa por dopaxe; ter domicilio fiscal en España; non estar cumprindo condena en virtude de sentenza xudicial firme pola comisión dun delito, ou non ter sido condenado en virtude de sentenza xudicial firme pola comisión dun delito relacionado co ámbito deportivo ou coa violencia de xénero, así como por delitos contra a liberdade e a indemnidade sexuais; e finalmente, e para o caso concreto das persoas adestradoras e técnicas, estar en posesión do título de grao ou licenciatura en Ciencias da Actividade Física e o Deporte ou equivalente ou técnico deportivo superior ou equivalente.

Similares requisitos se establecen polo artigo 33.2 do Decreto 165/2020, de 17 de setembro, para caso dos solicitantes da condición de deportista de rendemento deportivo de base. Aquí a norma establece, de forma xenérica, nacer en Galicia ou ter a veciñanza administrativa nun municipio na Comunidade Autónoma ininterrompidamente desde, polo menos, un ano antes da obtención dos méritos deportivos en que se fundamente a solicitude; ser titular dunha licenza deportiva vixente expedida por unha federación deportiva galega; non estar cumprindo sanción disciplinaria deportiva firme na vía administrativa pola comisión dunha infracción de carácter grave ou moi grave, sanción administrativa firme en materia administrativo-deportiva pola comisión dunha infracción de carácter grave ou moi grave, nin sanción administrativa firme na vía administrativa por dopaxe; ter domicilio fiscal en España; e non estar cumprindo condena en virtude de sentenza xudicial firme pola comisión dun delito ou non ter sido condenado en virtude de sentenza xudicial firme pola comisión dun delito relacionado co ámbito deportivo ou coa violencia de xénero, así como por delitos contra a liberdade e a indemnidade sexuais.

Pola súa parte, e para o caso dos núcleos de adestramento deportivo especializado, o artigo 40.1 do Decreto 165/2020, de 17 de setembro, recolle como requisitos xerais que deberán concorrer para o recoñecemento desta condición: ofrecer unha dispoñibilidade de espazos e instalacións axeitados ás necesidades da programación deportiva; contar cun equipo técnico cualificado; dispor do uso dun centro para levar a cabo o seguimento médico-deportivo; dispor dun proxecto de preparación técnico-deportiva orientada ao alto nivel e ao alto rendemento deportivo para a modalidade deportiva correspondente, de acordo co interese estratéxico deportivo da propia Comunidade Autónoma, encamiñado á participación dos deportistas galegos e das deportistas galegas en xogos olímpicos ou paralímpicos, campionatos do mundo, campionatos de Europa e outras competicións internacionais de máximo nivel; e non estar cumprindo, a entidade solicitante, sanción disciplinaria deportiva firme na vía administrativa pola comisión dunha infracción de carácter grave ou moi grave, ou



sanción administrativa firme en materia administrativo-deportiva pola comisión dunha infracción de carácter grave ou moi grave.

Xunto a estes requisitos xerais que se veñen de relacionar para cada unha das distintas categorías, o Decreto 165/2020, de 17 de setembro, establece tamén a necesaria concorrencia de criterios técnico-deportivos que poidan acreditar o nivel deportivo axeitado segundo o obxecto do decreto, atendendo ás distintas particularidades das modalidades e especialidades deportivas existentes, e tanto nas probas olímpicas e paralímpicas, como respecto das que non se encadren netas categorías (artigos 5.2, 33.3 e 40.1. f).

Respecto destes criterios técnico-deportivos, o Decreto 165/2020, de 17 de setembro, dispón a necesidade de que os mesmos sexan aprobados por orde da persoa titular da consellería competente en materia de deporte, acordándose tamén que continuarían en vigor os contemplados na Orde do 30 de maio de 2005 pola que se establecen os criterios para o recoñecemento dos deportistas galegos de alto nivel, en desenvolvemento do Decreto 6/2004, do 8 de xaneiro (DOG de 3 de xuño), en tanto non se procedera á aprobación dos novos criterios (disposición transitoria primeira). Estes criterios técnico-deportivos son os que se establecen nesta Orde, fixándose todos eles en atención á experiencia acumulada e ao desenvolvemento nacional e internacional do deporte competitivo para cada unha das modalidades e especialidades deportivas existentes.

Para a tramitación da presente Orde seguiuuse o procedemento establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, cumpríronse ademais os trámites previstos na normativa en materia de transparencia mediante a participación da cidadanía en xeral, e dos axentes e entidades deportivas afectadas en particular, nomeadamente as federacións deportivas galegas.

En consecuencia, e de conformidade co estipulado nos artigos 5.2, 33.3 e 40.1.f), do Decreto 165/2020, de 17 de setembro, polo que se regula o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base de Galicia,

## A C O R D O

### **Artigo 1. Obxecto**

A presente orde ten por obxecto establecer os criterios técnico-deportivos contemplados no Decreto 165/2020, de 17 de setembro, polo que se regula o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base de Galicia, segundo se prevé nos artigos 5.2, 33.3 e 40.1 letra f) do referido Decreto.



## **Artigo 2. Recoñecemento das condicións de alto nivel, alto rendemento deportivo e rendemento deportivo de base, e dos núcleos de adestramento deportivo especializado**

1. Xunto aos criterios técnico-deportivos establecidos na presente orde, os solicitantes das condicións de alto nivel, alto rendemento deportivo ou rendemento deportivo de base, e de núcleo de adestramento deportivo especializado, deberán cumprir os demais requisitos, obrigas e disposicións establecidas do Decreto 165/2020, de 17 de setembro, polo que se regula o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base de Galicia.

2. Consonte ao disposto no artigo 5.1.b) do Decreto 165/2020, de 17 de setembro, a Comisión galega de avaliación do alto nivel deportivo, do alto rendemento deportivo e do rendemento deportivo de base, poderá excepcionalmente o requisito xeral da idade para o caso do recoñecemento das condicións de deportista de alto nivel ou de alto rendemento, así como realizar as interpretacións necesarias para a aplicación dos criterios técnico-deportivos establecidos na presente orde, consonte as funcións que ten atribuídas segundo o artigo 57 do Decreto 165/2020, de 17 de setembro.

## **Artigo 3. Conceptos e regras xerais para a aplicación dos criterios técnico-deportivos**

Para a aplicación dos criterios técnico-deportivos recollidos nesta orde, atenderase aos seguintes conceptos e regras xerais:

1. Terá a consideración de “categoría absoluta” a categoría de idade na que se desenvolve a competición deportiva de maior nivel na modalidade, especialidade ou proba deportiva.
2. Terá a consideración de “categoría previa á absoluta” a categoría de idade na que se desenvolve a competición deportiva anterior á categoría absoluta.
3. Terá a consideración de “categorías anteriores á previa á absoluta” as categorías de idade nas que se desenvolven as competicións deportivas anteriores á categoría previa á absoluta.
4. Terá a consideración de “proba individual” aquela na que unha soa persoa deportista é responsable, a través da súa execución, do desenvolvemento e do resultado na competición deportiva. Tamén se considerarán “individuais” aquelas probas que se desenvolvan de maneira simultánea de ata 4 compoñentes e aquelas que constitúen un agregado de 2, 3 ou 4 deportistas que integran un equipo executado unha acción repetitiva e semellante de ata 4 participantes.
5. Terá a consideración de “proba de equipo” aquela na que se compite en parella, trío ou con máis compoñentes.
6. Terán a consideración de “probos olímpicos/paralímpicos” as incluídas no programa do ciclo olímpico/paralímpico en curso, e de “probos non olímpicos/non paralímpicos” as non incluídas no programa do ciclo olímpico/paralímpico en curso.
7. Consideración dos “Campionatos de España”. No caso de competicións de clubs de deportes colectivos dos que se celebre máis dunha competición con denominación de “Campionato de España” para a mesma proba e categoría de idade, a Comisión galega



de avaliación do alto nivel deportivo, do alto rendemento deportivo e do rendemento deportivo de base, identificará o de maior nivel deportivo sendo o que terá a consideración de Campionato de España, excepto nos supostos de dualidade existente entre os “Campionatos de España en Idade Escolar” convocados polo Consejo Superior de Deportes e os correspondentes campionatos federativos, e os campionatos e casuísticas especificamente contemplados na presente orde.

Respecto dos “Campionatos de España por seleccións autonómicas” de probas individuais ou por equipo previa a absoluta, terán a consideración de Campionatos de España, salvo que no citado campionato non se outorgue o título de campión de España individual ou por equipo, ou que exista outro campionato susceptible de ser considerado como Campionato de España individual ou por equipo.

As “Copas de España”, independentemente do seu formato, non terán a consideración de campionatos de España, salvo que así se estableza na presente orde, ou que non exista o correspondente Campionato de España.

Os Xogos Olímpicos da Xuventude terán igual consideración que os Campionatos de España.

8. Consideración dos “Campionatos de Europa”. No caso de competición de clubs de deportes colectivos dos que se celebre máis dunha competición con denominación de “Campionato de Europa” para a mesma proba e categoría de idade, a Comisión galega de avaliación do alto nivel deportivo, do alto rendemento deportivo e do rendemento deportivo de base, identificará o de maior nivel deportivo sendo o que terá a consideración de “Campionato de Europa”.

Aos efectos da presente orde equipáranse os “Xogos do Mediterráneo” e os “Xogos Iberoamericanos” aos “Campionatos de Europa”. Tamén sucede esta equiparación no caso das “Copas de Europa” sempre que contén cun mínimo de 8 probas e se celebran en distintas datas, atendéndose á clasificación final do conxunto das probas que integran a Copa.

9. Consideración dos “Campionatos do Mundo”. No caso de competición de clubs de deportes colectivos dos que se celebre máis dunha competición con denominación de “Campionato do Mundo” para a mesma proba e categoría de idade, a Comisión galega de avaliación do alto nivel deportivo, do alto rendemento deportivo e do rendemento deportivo de base identificará o de maior nivel deportivo sendo o que terá a consideración de “Campionato do Mundo”. As “Copas do Mundo” terán igual consideración que os “Campionatos do Mundo” sempre que contén cun mínimo de 8 probas e se celebran en distintas datas, atendéndose á clasificación final do conxunto das probas que integran a copa

10. No ámbito dos Xogos Olímpicos e Xogos Paralímpicos, serán obxecto de valoración as probas olímpicas/paralímpicas incluídas no programa dos Xogos.

11. Número de participantes e grao de participación. Aos efectos da aplicación da presente orde terase en consideración o número de participantes e o grao de participación nos seguintes termos:



a) Número de participantes: Na valoración dos méritos terase en consideración e esixirase un número mínimo de participantes por proba. En campionatos que teñan fases clasificatorias para acceder á fase final, teranse en conta ás persoas/equipos participantes do conxunto de todas as fases. Cando o regulamento do campionato ou ránking limite a participación a deportistas que previamente obtivesen un determinado nivel de rendemento, terase en consideración os participantes nas fases previas.

Para valorar un resultado deportivo, será requisito que exista unha federación galega que teña recoñecida entre as súas probas aquela pola que o deportista presenta o resultado e, no caso de non existir federación galega, deberá haber federación española.

En campionatos onde a participación depende da consecución dunha marca ou puntuación mínima en competicións clasificatorias previas, a Comisión galega de avaliación do alto nivel deportivo, do alto rendemento deportivo e do rendemento deportivo de base estudará a posibilidade de non aplicar o establecido no artigo 4 no relativo ao número de participantes.

O número de participantes nas probas de equipo refírense ao número de equipos.

b) Grao de participación da persoa deportista. Terá a consideración de participante aquela persoa deportista que figure inscrita na acta da competición que pretenda aportar como mérito, non sendo suficiente o feito de ter sido convocado para a proba ou competición, salvo que acuda como membro da selección española nos Xogos Olímpicos, Xogos Paralímpicos, Campionatos de Europa ou do Mundo de probas olímpicas, supostos nos que si será mérito suficiente e que suporá, ademais, o recoñecemento como deportista de alto nivel ou alto rendemento ou de rendemento deportivo de base nos termos establecidos no Decreto 165/2020, de 17 de setembro.

En deportes non colectivos, unicamente serán avaliábeis os resultados das persoas deportistas que participen do desenvolvemento dalgunha proba, non sendo suficiente con acudir como convocado ao Campionato. Soamente se valorarán os resultados nas Copas do Mundo e de Europa cuxa organización conte cun mínimo de 8 probas que se celebren en distintas datas, e cando a persoa deportista participe, polo menos, no 50% das probas da Copa.

En deportes colectivos, consideraranse persoas membros do equipo a todas as persoas deportistas oficialmente inscritas no acta; se o Campionato se celebra en varias fases, unicamente consideraranse membros do equipo aos xogadores e xogadoras participantes na fase final do mesmo. Non se avaliarán os resultados de probas de equipo que se calculen como a suma dos resultados individuais das persoas deportistas compoñentes, cando ademais da clasificación por equipos, haxa unha clasificación individual.

12. "Ránking oficial". Terá a consideración de "ránking oficial" o elaborado polas federacións deportivas españolas ou polas federacións deportivas internacionais recoñecidas polo Comité Olímpico Internacional ou polo Comité Paralímpico



Internacional. Aos rankings oficiais das diferentes federacións daráselles o mesmo valor que aos Campionatos.

Aos efectos de acreditar os méritos deportivos, será oficial o ranking que se publique por cada federación ao finalizar o ano natural, sempre que se elabore con base aos resultados obtidos durante todo ese período. Se a federación conta cun ranking oficial por tempada deportiva, terase en consideración a clasificación final do ranking ao remate da tempada, se non existise ranking para o ano natural.

Serán puntuables os rankings por categorías, pero non os rankings que engloben a deportistas dun único ano de nacemento.

13. Competicións non avaliábeis. Aos efectos da aplicación da presente orde non serán avaliábeis as probas ou distancias olímpicas/paralímpicas incluídas no programa dos Xogos como deporte de exhibición, os Campionatos de España, de Europa ou do Mundo por clubs aos que se acceda sen clasificación (acceso libre), e os campionatos organizados polas federacións deportivas galegas.

#### Artigo 4.- Criterios técnico-deportivos para as persoas deportistas

1. O recoñecemento das condicións de deportista de alto nivel, deportista de alto rendemento e deportista de rendemento deportivo de base, estará suxeito aos seguintes criterios técnico-deportivos:

Probas		ALTO NIVEL. Categoría absoluta e previa á absoluta						
		Campionato de España		Campionato de Europa		Campionato do Mundo		XXOO
		Posto	Nº mínimo participantes	Posto	Nº mínimo participantes	Posto	Nº mínimo participantes	XXPP
Olímpicas	Individual	3	-	16	-	Participar	-	Participar
	Equipo	3	-	Participar	-	Participar	-	Participar
Paralímpicas	Individual	3	-	5	-	8	-	Participar
	Equipo	3	-	4	-	8	-	Participar
Non olímpicas	Individual	3	15	8	15	16	20	
	Equipo	3	10	4	10	8	15	
Non paralímpicas (discap)	Individual	3	10	5	15	8	20	
	Equipo	3	10	4	10	8	15	



Probas		ALTO RENDEMENTO. Categoría absoluta e previa á absoluta					
		Campionato de España		Campionato de Europa		Campionato do. Mundo	
		Posto	Nº mínimo participantes	Posto	Nº mínimo participantes	Posto	Nº mínimo participantes
Olímpicas	Individual	6	-	21	-	Participar	-
	Equipo	4	-	Participar	-	Participar	-
Paralímpicas	Individual	6	-	8	-	12	-
	Equipo	4	-	8	-	Participar	-
Non olímpicas	Individual	6	15	12	15	Participar	20
	Equipo	4	10	8	10	16	15
Non paralímpica (discap)	Individual	6	10	7	15	12	20
	Equipo	4	10	8	10	16	15

Probas		RENDEMENTO DEPORTIVO DE BASE. Categorías anteriores á previa á absoluta					
		Campionato de España		Campionato de Europa		Campionato do. Mundo	
		Posto	Nº mínimo participantes	Posto	Nº mínimo participantes	Posto	Nº mínimo participantes
PRUEBAS OFICIALES	Individual	6	15	Participar	15	Participar	15
	Equipo	4	10	Participar	10	Participar	10
DISCAP.	Individual	6	15	Participar	15	Participar	15
	Equipo	4	10	Participar	10	Participar	10

2. Aos efectos do recoñecemento da condición de deportista de alto nivel considéranse equiparables aos resultados descritos no apartado anterior, os seguintes méritos deportivos:





a) Ser integrante da selección española nos Xogos Olímpicos, nos Xogos Paralímpicos, nos Campionatos de Europa ou do Mundo de probas e distancias olímpicas, así como ser recoñecido como deportista de alto nivel polo Consejo Superior de Deportes.

b) Na modalidade de ciclismo, procede a equiparación no caso de participación no Tour de Francia, Giro de Italia, La Vuelta Ciclista a España ou Tour do Porvenir, ou figurar no ránking oficial da UCI entre os 100 primeiros clasificados da especialidade correspondente.

c) Na modalidade do golf, procede a equiparación no caso de participación nalgunha das probas do Grand Slam, da Ryder Cup ou dos torneos da Orde de Mérito do Circuito europeo, no suposto de figurar no ránking oficial da PGA entre os 100 primeiros clasificados, ou cando se acaden resultados destacables nas competicións amateur do máximo nivel.

d) Na modalidade do montañismo, procede a equiparación no caso nos suposto de ascensión a cumes de máis de 8.000 metros, escaladas en xeo cuxa dificultade sexa igual o superior a IW6 ou M6, escaladas en rocha ou grandes paredes cuxa dificultade sexa 7A en adiante ou A4, e en escalada libre, superar vías de grao 8C+, e nas grandes ascensións avaladas polo informe técnico federativo.

e) Na modalidade do surf, procede a equiparación no caso de figurar entre os 50 primeiros postos no ranking de máximo nivel mundial de categoría absoluta, a International Surf Association e World Surf League.

f) Na modalidade do tenis, procede a equiparación no caso de participar nalgún dos 4 torneos de Gran Slam, na Copa Davis ou na Copa Federación, cando se figure ao rematar a tempada entre os 200 primeiros clasificados nos rankings ITF Júnior ou ATP/WTA, ou cando se participe nun mínimo de 2 probas internacionais recoñecidas por Tennis Europe ou ITF, ou polos organismos que os substitúan.

Para os efectos do presente apartado, as persoas deportistas que soliciten a equiparación deberán obter idéntico posto ou resultado ao que esixe na presente orde na competición coa que se pretende a equiparación.

3. Aos efectos do recoñecemento da condición de deportista alto rendimento considéranse equiparable aos resultados descritos no apartado 1 do presente artigo, a participación na máxima categoría da competición estatal durante 3 anos consecutivos, nas competicións en formato de liga de modalidades deportivas olímpicas.

4. Aos efectos do recoñecemento da condición de deportista de rendimento deportivo de base considérase equiparable aos resultados descritos no apartado 1 do presente artigo, o recoñecemento polo Consejo Superior de Deportes da condición de deportista de alto rendimento.

5. Non se valorarán os méritos deportivos regulados no presente artigo cando se obteñan como integrante dunha selección distinta á española.

6. No caso de modificación dos regulamentos de competición con motivo de recoller o deporte inclusivo, a Comisión galega de avaliación do alto nivel deportivo, do alto



rendemento deportivo e do rendemento deportivo de base resolverá estas circunstancias extraordinarias.

#### **Artigo 5.- Criterios técnico-deportivos para as persoas adestradoras ou técnicas**

1. O recoñecemento da condición de adestrador ou técnico de alto nivel ou de alto rendemento estará reservado ao adestrador ou adestradora principal dunha persoa deportista de proba individual, ou dun equipo pertencente a unha entidade deportiva ou dunha selección nacional, na competición, proba ou campionato na que obtivera algún dos seguintes resultados:

- a) Nos Campionatos de Europa ou continental equivalentes de probas olímpicas/paralímpicas: Un dos tres primeiros postos e coa participación mínima establecida no artigo 4 da presente orde.
- b) Nos Campionatos do Mundo de probas e distancias olímpicas/paralímpicas: Un dos cinco primeiros postos e coa participación mínima establecida no artigo 4.
- c) Nos Xogos Olímpicos ou Paralímpicos: O Diploma Olímpico.

2. A acreditación da condición de adestrador ou adestradora principal que obtivo algún dos resultados recollidos no apartado anterior deberá realizarse mediante a presentación de certificado expedido pola federación deportiva nacional correspondente.

#### **Artigo 6.- Criterios técnico-deportivos para as persoas xuíces-árbitros**

Terán dereito a solicitar o recoñecemento como xuíces-árbitros de alto nivel aquelas persoas que acrediten ter participado como xuíces/árbitros en Xogos Olímpicos/Paralímpicos, Campionatos do Mundo de probas olímpicas/paralímpicas ou Campionatos de Europa de probas olímpicas/paralímpicas e coas participacións mínimas establecidas no artigo 4.

A Comisión galega de avaliación do alto nivel deportivo, do alto rendemento deportivo e do rendemento deportivo de base, poderá considerar o recoñecemento no caso de modalidades deportivas olímpicas en formato de liga o ter participado como xuíces/árbitros mediante 3 anos consecutivos na máxima categoría de competición.

#### **Artigo 7.- Criterios técnico-deportivos para os núcleos de adestramento especializado**

1. Para o recoñecemento da condición de núcleo de adestramento deportivo especializado (en diante, núcleo ou NADE) a un conxunto de medios humanos e materiais xestionados por una federación deportiva, club deportivo ou sociedade anónima deportiva, o núcleo deberá ser o lugar de adestramento habitual de persoas deportistas galegas pertencentes aos programas de tecnificación deportiva da federación correspondente, no caso de ser un NADE xestionado por unha federación deportiva, ou o lugar de adestramento habitual de, a lo menos, dúas persoas deportistas de alto nivel e/ou alto rendemento, no caso de ser xestionado por un club ou unha sociedade anónima deportiva.



2. A calidade e idoneidade do proxecto deportivo para o recoñecemento do NADE valoraránse en base a seguinte documentación:

- a) Memoria xustificativa sobre a necesidade e idoneidade do NADE, así como do interese estratéxico para a Comunidade Autónoma.
- b) Memoria xustificativa do cumprimento da normativa vixente aplicable ao NADE.
- c) Normas de funcionamento interno do centro.
- d) Horario de uso e adestramento.
- e) Plan de mantemento, seguridade e hixiene.
- f) Memoria descritiva dos espazos e equipamentos destinados ao núcleo.
- g) Identificación dos servizos e espazos auxiliares dos que dispón.
- h) Currículo do adestrador ou adestradora responsable.
- i) Identificación das persoas deportistas galegas adscritos ao centro, co seu currículo deportivo.
- j) Sistema de inclusión de novos deportistas, e programa de captación de talento.
- k) Memoria explicativa do programa de desenvolvemento técnico deportivo para a modalidade deportiva correspondente durante os catro anos de vixencia do recoñecemento, e que constará dos seguintes subapartados:
  - 1º. Obxectivos estratéxicos individualizados para os deportistas do núcleo, e resultados agardados durante a vixencia do recoñecemento.
  - 2º. Obxectivos anuais individualizados para os deportistas do núcleo, e resultados deportivos anuais.
  - 3º. Plans e programas a desenvolver. Detallaranse as actividades necesarias para acadar os obxectivos previstos para cada persoa deportista que, como mínimo, serán o programa deportivo de especialización e desenvolvemento do nivel técnico e competitivo do rendemento futuro das persoas deportistas de alto rendemento, o programa deportivo de desenvolvemento e mantemento do rendemento deportivo das persoas deportistas de alto nivel, e o programa de apoio pedagóxico necesario para a conciliación da vida deportiva coa formación académica e/ou orientación laboral. No caso de núcleos xestionados por un club ou sociedade anónima deportiva esta memoria explicativa deberá orientarse á mellora do alto nivel e o alto rendemento deportivo da Comunidade Autónoma.
  - 4º. Recursos persoais, materiais e económicos, onde se especifique o organigrama e funcións por posto do equipo técnico identificado por programa, o currículo e vínculo laboral das persoas participantes do equipo técnico, e o orzamento anual e fontes de financiamento.
  - 5º. Avaliación anual: Resultados deportivos acadados anualmente por cada deportista.
- l) No caso de ser un núcleo xestionado por club deportivo ou sociedade anónima deportiva, deberá aportarse tamén a titularidade e antigüidade do núcleo e da entidade responsable da súa xestión, así como a relación das persoas deportistas de alto nivel e/ou alto rendemento deportivo adscritos ao núcleo, xunto ao seu currículo deportivo.



3. Xuntos aos criterios establecidos nos apartados anteriores, os núcleos de adestramento deportivo especializado:

a) Deberán vincularse a unha modalidade deportiva concreta, de acordo co interese estratéxico deportivo da Comunidade Autónoma, orientado e destinado á participación dos deportistas galegos e das deportistas galegas en Xogos Olímpicos ou Paralímpicos, Campionatos do Mundo, Campionatos de Europa e outras competicións internacionais de máximo nivel.

b) Os/as deportistas adscritos ao NADE deberán participarán en campionatos nacionais e internacionais de máximo nivel, e deberán manter ou mellorar os postos acadados ao inicio do proxecto técnico deportivo.

c) Os seus programas deportivos deberán fomentar a práctica deportiva de rendemento da muller, e serán tendentes á paridade entre homes e mulleres. Asemade contemplarán medidas para a participación das persoas deportistas de alto nivel, alto rendemento ou rendemento deportivo de base, con discapacidade.

d) Disporán dunha persoa responsable, a cal presentará, ante o órgano competente en materia de deporte, unha Memoria anual acreditando as actividades levadas a cabo en cada programa do núcleo, o nivel de cumprimento dos obxectivos, así como as xustificacións e medidas a desenvolver, no caso de ocorrer desviacións.

e) As entidades xestoras dos NADE permitirán a supervisión e o acceso ás instalacións e deportistas da Administración autonómica con competencias na materia de deporte.

Disposición derogatoria.- Queda derogada a Orde do 30 de maio de 2005 pola que se establecen os criterios para o recoñecemento dos deportistas galegos de alto nivel, en desenvolvemento do Decreto 6/2004, do 8 de xaneiro.

Disposición derradeira primeira.- Autorízase ao titular da Secretaría Xeral para o Deporte a adaptar os criterios e a ditar as instrucións oportunas para a correcta aplicación do contido nesta norma.

Disposición derradeira segunda.- Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, ... de .... de 2021.

Alfonso Rueda Valenzuela

Vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo